

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de San Amaro

O castro de San Amaro pertence á parroquia de San Simón de Lira, Salvaterra do Miño (Pontevedra); nel hai unha capela consagrada ó santo que lle dá nome.

Antes de haber esta capela os mouros dicían misa no mesmo lugar. O día do San Amaro botábase auga nas pías que hai na rocha e logo de bendicida o cura facía aspersóns con ela á xente, ó gando e ós campos.

Fálase de que houbo minas feitas polos mouros pero que a xente tapou para que non desaparecesen os animais por elas; e que este castro comunica co de San Mamede de Taboexa.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

HIDALGO CUÑARRO, J. M., COSTAS GOBERNA, F. J.; «La cultura castreña en los valles del Tea. Dos nuevos castros en Salvatierra de Miño», en Faro de Vigo, 14 de outubro de 1979.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.

GARCÍA ALÉN, A., PEÑA SANTOS, A. de la, Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra, A Coruña, 1980.

PEÑA SANTOS, A. de la, «Lira, San Simón», Gran Enciclopedia Gallega, XIX.